



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

NOTIFICACIÓN PUBLICACIÓN

A alcaldía-presidencia, con data 28-02-2019 , ditou o Decreto n.º 101/2019 , que deseguido se transcribe literalmente:

“ DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto que por decreto de alcaldía núm. 94/2019 de data 27/02/2019 foi aprobado o nomeamento e formación de bolsa de emprego dun/ha auxiliar administrativo/a interino/a xornada parcial para o departamento de servizos sociais.

Visto que revisado o expediente no punto 3 sinala “... dando efectos o nomeamento como funcionaria interina praza de auxiliar administrativa a xornada parcial para o departamento de servizos sociais a Dna. M^a Remedios Vázquez Rúa con DNI 46903972A para implantación do programa temporal Proxecto de adecuación dos servizos municipais á Administración electrónica, e xa presentada a documentación requerida en aplicación da base once para a formalización da acta de toma de posesión con efectos de alta do 01/03/2019”.

Considerando que na redacción houbo un erro na data de efectos de alta no nomeamento como funcionaria interina praza de auxiliar administrativa a xornada parcial para o departamento de servizos sociais de Dna. M^a Remedios Vázquez Rúa con DNI 46903972A.

Tendo en conta o artigo 109 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas que establece no seu apartado " Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos en sus actos".

En aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015 así como en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar o erro no punto terceiro suprimindo “...con efectos de alta do 01/03/2019” e substituílo por “...con efectos de alta do 04/03/2019”.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos.

BOIMORTO, xoves 28 de febreiro de 2019”

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, **recurso de reposición** no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer **recurso contencioso-administrativo**, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Boimorto, o xoves 28 de febreiro de 2019

A secretaria

Asdo.- Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

